



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

exp. 2019/G003/000297

RESOLUCIÓN

ASUNTO: ANULACIÓN DA LICITACIÓN DA "CONCESIÓN DO SERVIZO PÚBLICO INTEGRAL DE ILUMINACIÓN EXTERIOR DO CONCELLO DE PONTECESO (A CORUÑA)"

EXPEDIENTE:2019/G003/000297

ANTECEDENTES:

A Xunta de Goberno Local de data 14-03-2019 aprobouse o expediente de contratación da "CONCESIÓN DO SERVIZO PÚBLICO INTEGRAL DE ILUMINACIÓN EXTERIOR DO CONCELLO DE PONTECESO (A CORUÑA)", o compromiso de gasto polo importe de 5.432.173,50 euros, correspondentes ao valor estimado do contrato, 1.140.756,44 euros correspondentes ao Imposto sobre o Valor engadido, totalizando 6.572.929,94 euros, contía correspondentes aos 15 anos da duración do contrato, sendo a contía de cada unha das anualidades de 362.144,90 euros, sen IVE, e 438.195,32 euros co IVE, así como os pregos e proceder á apertura do procedemento de adxudicación do presente contrato polo procedemento aberto, dando orde de que se proceda á publicación do pertinente anuncio no perfil do contratante deste Concello aloxado na Plataforma de contratos do Sector Público, para que no prazo de vinteseis días, a contar desde o seguinte ao da súa publicación, os interesados presentaran as proposicións que estimaran pertinentes.

Na data de 20-03-2019 publicouse o anuncio, os pregos, o estudio de viabilidade e demais documentación do expediente na Plataforma de Contratos do Sector Público e Perfil do Contratante do Concello de Ponteceso.

Na data de 05-04-2019 EKOLEDs INNOVATIONS, S.L., interpuxo o recurso especial en materia de contratación, a través do formulario telemático existente a tal fin na Sede Electrónica da Xunta de Galicia, perante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL).

O recorrente impugna diversos apartados dos pregos de licitación, cláusulas 26 e 28 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, o apartado 8.1 do Prego de Prescricións Técnicas, e Estudo de Viabilidade.

O TACGAL na resolución de data 24 de abril de 2018, nos seus fundamentos de dereito 6, 7 e 8ª, en aplicación do principio de congruencia, analiza as alegacións presentadas pola recorrente EKOLEDs INNOVATIONS, S.L, resolvendo estimar parcialmente o recurso presentado e anular as cláusulas dos pregos conforme ao indicado nos distintos fundamentos da resolución, con retroacción das actuacións ao momento anterior á elaboración dos mesmos, anulando polo tanto a licitación, de conformidade coa Sentenza do TXUE do 4 de decembro de 2003, asunto C-488701.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

exp. 2019/G003/000297

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro.- Retrotraer o expediente de contratación "CONCESIÓN DO SERVIZO PÚBLICO INTEGRAL DE ILUMINACIÓN EXTERIOR DO CONCELLO DE PONTECESO (A CORUÑA)" ao momento anterior á elaboración dos pregos, retomando as actuacións dende ese intre, e anular a licitación da concesión do servizo, consonte á resolución do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL) do 24-04-2019.

Segundo.- Dar conta esta resolución ao TACGAL, Xunta de Goberno Local e Pleno, aos efectos legalmente establecidos, e publicar a mesma na Plataforma de Contratos do Sector Público e Perfil do Contratante, para xeral coñecemento.

Ponteceso, 13 de maio de 2019.

O alcalde

O secretario acctal.

Asdo.: Xosé Lois García Carballido.

Asdo.: Emilio Caínzos Quintás

Documento asinado dixitalmente na data e polas persoas que se indican ao marxe.